

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### B) NOMEAMENTOS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 8 de novembro de 2011, que modifica a do 7 de febreiro de 2008 pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade da Coruña.*

Pola Orde do 7 de febreiro de 2008 (DOG do 25 de febreiro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade da Coruña.

O artigo 7.2 da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, establece que serán membros do Consello Social, entre outros, un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos elixidos polo Consello de Goberno da Universidade entre os seus membros, na forma en que determinen os seus estatutos.

Segundo o artigo 7.3 letra f da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, formará parte do consello social un membro designado polas corporacións dos concellos nos que se localizan os campus.

O artigo 10.1.a) da citada Lei 1/2003, establece que os membros do consello social que cesen por expiración do período de mandato, continuarán nas súas funcións ata a toma de posesión dos novos membros.

Con data do 4 de novembro de 2011 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia escrito do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, remitindo a seguinte documentación: Certificación da Secretaría Xeral da Universidade da Coruña comunicando que no Consello de Goberno que tivo lugar o 29 de setembro de 2011, foi elixido como representante dos estudantes no consello social José María Castrillo Neira, en substitución de Gael González Veira, certificación do secretario xeral do Concello de Ferrol, polo que se designa a María Concepción López Fernández como representante do Concello de Ferrol no Consello Social da Universidade da Coruña, en substitución de Yolanda Díaz Pérez e resolución do alcalde do Concello da Coruña, polo que se designa a Francisco José Mourelo Barreiro, como representante do Concello da Coruña no Consello Social da Universidade da Coruña, en substitución de Florencio Cardador Canelo. O consello social achega tamén a declaración de incompatibilidades de José María Castrillo Neira, María Concepción López Fernández e Francisco José Mourelo Barreiro, establecida no artigo 12 da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.

O artigo 7.4 da citada Lei 1/2003, do 9 de maio, establece que os acordos de designación de membros do consello social lle serán comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Facer público o nomeamento de José María Castrillo Neira como membro do Consello Social da Universidade da Coruña, en representación do Consello de Goberno da Universidade.

Artigo 2.

Facer público o nomeamento de María Concepción López Fernández, como membro do Consello Social da Universidade da Coruña, en representación do Concello de Ferrol.

Artigo 3.

Facer público o nomeamento de Francisco José Mourelo Barreiro como membro do Consello Social da Universidade da Coruña, en representación do Concello da Coruña.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria